En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.


Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.


Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.







Plano nº 4.15 do PXOM. SÓLO URBANO.



Plano nº 2.17 do PXOM.



Plano nº 0151A-0507 do PBA.





Acometidas de Auga Potable e saneamento por servizo Público.



Plano de inventario municipal para referencia de viales

19.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Fernando Losada Liste

Visto o escrito presentado por **Fernando Losada Liste**, de data 27/10/2025 (Registro de entrada nº 5.775), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A043000360000KK, situada en Lugar de Bretal, Olveira, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 05/12/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: LOSADA LISTE FERNANDO

NIF: ***528***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: LG BRETAL- OLVEIRA - RIBEIRA.

Ref. Catastral: 15074A043000360000KK

Plano do PXOM: Planos nº 8.38 e 2.07 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0404 do PBA.

Plano do INVENTARIO: Planos nº 13 do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 27.10.2025, obtén rexistro de entrada (RE. ENTRADA: 202525775), unha solicitude de información urbanística.



Achégase:

- Solicitud do interesado. (donda ten unha referencia catastral errónea o pertencer a outro concello)
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Plano situación.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

As parcelas para as que solicita información atópanse en solo de Núcleo Rural.

Ambas as parcelas consultadas atópanse en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Núcleo Rural correspondente coa Ordenanza B, Norma do solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas. SNR-B**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 c) da LSG, ao solo incluído nos ámbitos de núcleos rurais o nas delimitacións. Do solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia e tolerancia, aplicásele integramente o disposto no planeamento respectivo, salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 da presente lei.

05.02.Réxime de cesións o inventario:

Segun o inventario o acceso a parcela PRESENTASE atreves dunha vía pública de titularidade pública. Segun o establecido para o Solo Urbano e de Núcleo Rural na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, artigo 24 e 36 correspondentemente.

Artigo 36 do RLGS....2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar totalmente as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización da vía necesaria (artigo 24.2 da LSG).

3. No caso de construción de edificios de nova construción ou cambio de uso dos existentes ou rehabilitación integral, tamén terán que realizar pola súa conta a conexión cos servizos existentes no núcleo (artigo 24.3 da LSG).....

No caso que nos compete, comprobase que a parcela linda cos viais públicos do inventario. Polo tanto segun o artigo 36,nos supostos anteriormente citados é obrigatorio Ceder o terreo fora das alienacións

05.03.Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- Segun o PBA ten una afección de tendido eléctrico.



- Segun a concesionaria de Desague e Auga potable o Ben inmueble SI conta con lineas de Agua, e o Desague pola mesma via; para solicitude de acometidas ten a sua disposición tramite previo ante a concesionaria (e fundamentar que a concesionaria se pronuncie en terminos de presión e suficiencia de abastecemento).

A continuación transcríbese o teor literal das ordenanzas de aplicación:

Artículo 134: Norma del suelo de núcleo rural en áreas medio consolidadas. SNR-B. Definición norma zonal S.N.R.-B

Comprende esta norma las áreas de suelo de los núcleos rurales anejas a las zonas consolidadas, que no llegan a definir claramente una trama de edificaciones, pero donde la edificación esta ocupado hasta un 50% de las parcelas próximas a las aldeas y lugares de origen agrario y morfología definida que constituyen la base de la trama rural.

Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

Obras admisibles

Serán obras preferentes las de:

- Conservación,- Consolidación,- Rehabilitación,- Restauración

Permitiéndose las de reforma y ampliación y en los solares vacantes las de obra nueva.

Los proyectos realizados en los solares en los que exista una edificación antigua, mantendrán los cerramientos de piedra existentes, huecos de piedra, balcones y galerías de madera y otros elementos comunes a la arquitectura popular.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada y adosada. Se mantendrá el tipo de ocupación no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 500 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie.

Frente mínimo: será de 8 m. Cuando se trate de un solar entre medianeras consolidadas se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 m. (y se cumplan el resto de las condiciones de edificación).

Condiciones de ocupación

Posición: Se conservarán las existentes, pudiendo el Ayuntamiento establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras de planeamiento previstas para este fin, cuando pueda derivarse mejora para las condiciones del espacio público y para las condiciones de edificación de las parcelas.

En áreas poco consolidadas se aplicará la normativa viaria.

La edificación se situará en la parcela aislada entre medianeras, o adosada a la parcela contigua si esta dejase una medianera consolidada o previo acuerdo entre lindantes. En cualquier caso, se trata de ocultar medianeras, no creando otras nuevas bajo ningún concepto, respetando en los otros casos un mínimo de 3 metros a linderos.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 35% de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

Condiciones de edificabilidad.

Edificabilidad máxima: 0,50 m²/m².

Altura de la edificación

Número plantas: bajo + una planta y aprovechamiento bajo cubierta, computándose a todos los



efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se admite la planta sótano.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 metros por encima de la altura máxima.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 m. En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos exentos añadidos al cuerpo principal, como galerías y miradores.

Las dimensiones y características de estos elementos serán las definidas en las condiciones generales de edificación, permitiéndose a partir de la primera planta.

Balcones: No se permite sobresalir con balcones sobre los cuerpos volados. En el resto de los casos, se autorizan hasta un vuelo máximo de 60 cm con separación mínima a medianerías de la misma magnitud.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, siendo obligatoriamente de una sola planta y una altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose su edificabilidad y ocupación a partir de 30 m², y no pudiendo superar los 50 m².

Cornisas y aleros: El vuelo máximo de aleros y cornisas será de 30 cm.

Condiciones ambientales y estéticas.

Los edificios quedarán integrados en la entidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y los huecos de piedra, los balcones y galerías tradicionales que pudieran existir.


Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de materiales cuya entidad distorsione la armonía existente o sean de naturaleza extraña al medio, como los cerramientos de bloques sin enfoscar ni pintar que no sean de terminación para ser vistos, o los de ladrillo visto sin arraigo en el medio.

Las carpinterías podrán ser de madera, P.V.C., o de aluminio, pero en este ultimo caso se prohíben los colores metálicos anodizados, debiendo estar lacados de blanco u otro color.




Plano nº 8.38 do PXOM. SOLO NÚCLEO RURAL.






Plano nº 2.7 do PXOM.



Plano nº 0151A-0404 do PBA.



Planos nº A-13 do Inventario Catalogo PXOM





Planos concesionaria de Viacua donde esta as Canalizacións de Saneamento e Auga.

20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Ramón Deus Antelo

Visto o escrito presentado por **José Ramón Deus Antelo**, de data 20/01/2026 (Rexistro de entrada nº 1.443), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A019007470000KI (RÚA FONTE RAMIL 6, CASTIÑEIRAS, 15966, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 21/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A019007470000KI (RÚA FONTE RAMIL 6, CASTIÑEIRAS, 15966, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Héctor Lage Fernández

Visto o escrito presentado por **Héctor Lage Fernández**, de data 20/01/2026 (Rexistro de entrada nº 1.380), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A821003430000ZP (LUGAR FILGUEIRA, Nº 25, CARREIRA, 15967, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 21/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A821003430000ZP (LUGAR FILGUEIRA, Nº 25, CARREIRA, 15967, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.



22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Ramón Calvo Cánive

Visto o escrito presentado por **Ramón Calvo Cánive**, de data 15/01/2026 (Rexistro de entrada nº 1.104), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL **15074A044000080000KM (LUGAR BRETAL, 264, N2-334, POLIGONO 44, PARCELA 8-15969, RIBEIRA)** neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 16/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A044000080000KM (LUGAR BRETAL, 264, N2-334, POLIGONO 44, PARCELA 8-15969, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

23.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: ARENAS CAMPIÑO SL (B-15.426.281). LUGAR: RÚA CONCHEIRO, Nº 20-22, AGUIÑO, RIBEIRA

VISTO o escrito presentado por **Don Manuel María Peleteiro Bandín**, con NIF 33792427E, en representación de **ARENAS CAMPIÑO SL**, con CIF B-15426281, sobre **solicitud de licenza de segregación dunha parcela en dúas, na Rúa Concheiro Nº 20-22, na Parroquia de Aguiño, en Ribeira**

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **18 de decembro de 2025**.

VISTO o informe do Secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data **16 de xaneiro de 2026**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL C**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que procede adoptar o seguinte acordo:

-PRIMEIRO:- CONCEDER á entidade ARENAS CAMPIÑO SL, cif B-15.426.281 licenza de segregación (Nº1/26) dunha parcela en dúas, na Rúa Concheiro Nº 20-22, na Parroquia de Aguiño, en Ribeira, según proxecto de reordenación de parcelas redactado polo arquitecto Don Manuel María Peleteiro Bandín, asinado dixitalmente o 1 de xullo de 2025, e



presentadosno Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o **18 de decembro de 2025**, co número de Rexistro 202500030192.

Os parámetros urbanísticos das parcelas incluídas neste proxecto son Os seguintes

Parámetro	Lei 2/2016	Parcela Matriz 1	Parcela Matriz 2	Parcela Segregada B	Parcela Segregada C
Parcela Mínima	$\geq 2.000,00 \text{ m}^2$	$697,00 \text{ m}^2 \leq 2.000,00 \text{ m}^2$	$549,00 \text{ m}^2 \leq 2.000,00 \text{ m}^2$	$797,55 \text{ m}^2 \leq 2.000,00 \text{ m}^2$	$448,45 \text{ m}^2 \leq 2.000,00 \text{ m}^2$
Uso Característico	Segundo artigo 35 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia	----	Vivenda unifamiliar e construcións auxiliares	Vivenda Unifamiliar e construción auxiliar	Construción auxiliar
Ocupación máxima	20,00 %	----	$23,70 \% \geq 20,00 \%$	$19,96 \% \leq 20,00 \%$	$19,90 \% \leq 20,00 \%$
Altura Máxima	$\leq 7,00 \text{ m}$	----	Non se indica	$2,90 \text{ m} \leq 7,00 \text{ m}$	$2,60 \text{ m} \leq 7,00 \text{ m}$
Altura da Edificación	≤ 2 plantas	----	Non se indica	PB $\leq$ PB + P1	PB $\leq$ PB + P1
Recuado a linderos	$\geq 5,00 \text{ m}$	----	Indícase "la actual", non se indica o dato concreto. Deberá indicarse.	Posterior acaroadado $\leq 5,0 \text{ m}$ Lateral $5 \text{ m} \leq 5,0 \text{ m}$	Acaroadado (existente) actual
Condições de Parcela:	Acceso rodado de uso público adecuado a la implantación	Non consta	Conta con acceso rodado por vía de titularidade pública.	Conta con acceso rodado por vía de titularidade pública.	Conta con acceso rodado por vía de titularidade pública.
	Conta con Abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais	Conta con rede municipal	Conta con rede municipal	Conta con rede municipal	Conta con rede municipal
	Conta con subministro de enerxía eléctrica	Indícase que conta con subministro eléctrico na parcela.	Indícase que conta con subministro eléctrico na parcela.	Indícase que conta con subministro eléctrico na parcela.	Indícase que conta con subministro eléctrico na parcela.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas queda subordinada á elevación do acto administrativo e formalización en escritura pública e inscrición no rexistro da propiedade que incluírá a superficie de cesión (de ser o caso).

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

24.- PROPOSTA DE MEDIDAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA ROMERO ORTIZ (RIBEIRA)

Queda sobre a mesa a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/10/2025, relativa á adopción de medidas de mellora da seguridade vial na Rúa Romero Ortiz (Ribeira).

25.- SOLICITUDE DE BORRADO DE PASO DE PEÓNS E DE MEDIDA DE VOLUME DE SEMÁFORO – Carmen Lampón Agrelo

Visto o escrito presentado por **Carmen Lampón Agrelo**, de data 07/01/2026 (Rexistro de entrada nº 331), no que solicita entre outros a anulación do paso de peóns e a medición do volume de semáforo (por molestias de ruidos) en Aguiño.

Visto o informe presentado pola Policía Local, de data 25/01/2026, no que sinala:

“

1. Viabilidad de la anulación del paso de peatones

La anulación del paso de peatones no resulta justificable, ya que no puede calificarse como poco frecuentado sin la realización previa de un estudio específico sobre el uso peatonal.

El nivel sonoro de los semáforos acústicos tiene como finalidad avisar a las personas con discapacidad visual del momento seguro para efectuar el cruce. El sistema sonoro está diseñado para ser audible pero no molesto ajustándose al entorno, algunos semáforos utilizan el sistema “PassBlue”, que ajustan el volumen automáticamente en función del ruido del tráfico, siendo de vital importancia para este colectivo.

2. Inspección ocular

De la inspección ocular realizada se constata que el semáforo objeto del presente informe se encuentra ubicado en la calle Cerca y forma parte del cruce de Aguiño, el cual está regulado por cuatro semáforos con sus respectivos pasos de peatones. Se observa que la distancia existente entre dicho semáforo y el paso de peatones es considerable, encontrándose ambos elementos notablemente separados entre sí, circunstancia que puede generar confusión en los peatones a la hora de efectuar el cruce.

Los cuatro semáforos del cruce se encuentran interconectados. Cada ciclo semaforico tiene una duración total de 1 minuto y 17 segundos, de los cuales 53,85 segundos corresponden a la señal sonora. Dicho ciclo se ejecuta de manera continua todos los días, en el horario comprendido entre las 9:00 y las 22:00 horas, lo que implica que, durante ese período de 13 horas, la señal sonora se activa aproximadamente 608 veces, incluso en ausencia de peatones que requieran efectuar el cruce.

Esta señal sonora resulta molesta para los vecinos, según conversación mantenida con la arriba reseñada, especialmente en aquellos momentos en que el tránsito vehicular es escaso, situación que se ve agravada por la falta de otros sonidos ambientales que atenúen su impacto.”

A Xunta de Goberno Local, segundo o contido do citado informe policial, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- **Que se proceda a regular o nivel de volume sonoro do semáforo**, dando traslado deste acordo á Policía Local para a súa tramitación.
- No relativo á solicitude de anulación do paso de peóns, **dar traslado da solicitude presentada por Carmen Lampón Agrelo á Deputación Provincial da Coruña** para que proceda á anulación do citado paso de peóns, se así o considerase.

26.- SOLICITUDE ESPAZO NO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Programa Integrado de Emprego

Visto o escrito presentado por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego** do Concello de Ribeira, de data 26/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.695), no que solicita a cesión de uso da Aula de Xestión e Taller de Cociña situada no 2º andar do Mercado Municipal de Ribeira, co fin de realizar as formacións da especialidade de cociña do P.I.E. nas seguintes datas: 02, 03, 09, 10, 16, 17, 23 e 24/03/2026 (“Cociña colectiva”), e 07, 13, 14, 20, 21, 27 e 28/04/2026 (“Fundamentos básicos en cociña”); en horario de 09:00 h. a 14:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

-Autorizar a cesión de uso da Aula de Cociña situada no 2º andar do Mercado Municipal de Ribeira, co fin de realizar as formacións da especialidade de cociña do P.I.E. nas seguintes datas: 02, 03, 09, 10, 16, 17, 23 e 24/03/2026 (“Cociña colectiva”), e 07, 13, 14, 20, 21, 27 e 28/04/2026 (“Fundamentos básicos en cociña”); en horario de 09:00 h. a 14:00 h.

27.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA) EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Con data do 29 de decembro de 2025, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 250) a Resolución do 15 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade ao convenio suscrito entre a Consellería do Medio Rural e Seaga para a xestión da biomasa nas faixas secundarias de protección. Este novo convenio ten vixencia dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2029.

O Concello de Ribeira, no exercicio das súas competencias, conta co correspondente **Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais**, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria realizada o día 28 de novembro de 2022, documento que foi debidamente trasladado ao servizo provincial de Montes segundo consta no oficio de referencia que obra no expediente 2022/TMA-000035.

2. MOTIVACIÓN



A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece que compete ás entidades locais a xestión das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa. O artigo 7 da citada lei permite que os concellos conten coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta para estas tarefas.

A adhesión a este convenio permitirá ao Concello:

- Contar con apoio técnico para a revisión e modificación do planeamento municipal de prevención de incendios.
- Execución material da xestión da biomasa derivada de procedementos de execución subsidiaria.
- Apoio na inspección de parcelas e na xestión de notificacións a titulares.

3. REQUISITOS PARA A ADHESIÓN

Segundo o establecido na cláusula terceira do convenio, para acceder a este sistema de colaboración é necesario:

1. Dispoñer de Plan municipal de prevención de incendios forestais aprobado.
2. Solicitud de adhesión segundo o modelo do **Anexo I**, onde conste obrigatoriamente a data de aprobación do citado Plan.
3. Autorización do órgano municipal competente para formalizar a solicitude.

4. RESOLUCIÓN

Por todo o exposto, **visto** o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 22/01/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Solicitar a adhesión formal do Concello de Ribeira ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Seaga para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (DOG núm. 250, de data 29 de decembro de 2025), aceptando a totalidade das súas cláusulas e asumindo as obrigas derivadas do mesmo.

Segundo. Facer constar que o Concello de Ribeira dispón de **Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais**, o cal foi aprobado definitivamente polo Pleno en sesión ordinaria realizada o día 28 de novembro de 2022.

Terceiro. Facultar á Alcaldesa-Presidenta para a sinatura do **Modelo de Solicitud (Anexo I)** e, unha vez aceptada a adhesión pola Consellería, para a formalización da mesma mediante o **Anexo IV**, así como para cantos documentos sexan precisos para a execución deste acordo. Cuarto. Notificar o presente acordo á Comisión de Seguimento do convenio a través da Consellería do Medio Rural, xunto coa documentación técnica e administrativa requirida.



28.- SOLICITUDE DE CESIÓN PAVILLÓN DE SIRVES AO CLUB PATINAXE CIDADE DE RIBEIRA PARA A CELEBRACIÓN DO CAMPIONATO DE PRESELECCIÓN BENXAMÍN-INFANTIL

LOGO DE VER que Dna. Alba Vidal García, en representación do Club Patinaxe Cidade de Ribeira, presenta escrito de data 23-01-2026, con número de rexistro de entrada municipal 1.720, solicitando:

"A solicitude do pabellón de Sirves para os días 7 e 8 de febreiro para a organización do campionato de preseleccións benxamín-infantil na modalidade de libre, así mesmo solicitar ao GAEM para as horas punta. Sería sábado todo o día e domingo pola mañán (aínda que para a tarde estamos á espera de horarios federativos)."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."

2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".

3. Nos días e horarios mencionados anteriormente, temos:

- Sábado pola mañá: adestramentos do Club Patinaxe Ribeira.
- Sábado pola tarde: liga local de tenis.
- Domingo pola mañá: adestramentos Club de Tenis
- Domingo pola tarde: liga local de tenis.

Polo que en caso de acceder ao solicitado implicaría a suspensión destas actividades.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 26-01-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 26-01-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión das instalacións do pavillón de Sirves ao Club Patinaxe Cidade de Ribeira, para a celebración do "Campionato de Preseleccións Benxamín-Infantil de Patinaxe" cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para os días **7 e 8 de febreiro de 2026 ao longo de toda a xornada**.
- Dar traslado ao GAEM da celebración do evento (a colaboración deste corpo no desenvolvemento do evento será acordada en reunión cos organizadores).
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.



- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN “QUEIMA DO FELIPE”/SERVIZO DE LIMPEZA – Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira

Visto o escrito presentado por Tania Santos Ferras en representación da **Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira**, de data 26/01/2026 (Rexistro de entrada nº 1.799), no que comunica a celebración dunha laconada, así como a celebración da “Queima do Felipe” (Ir de bar en bar co Felipe) e logo queimalo, para o cal solicitan servizo de limpeza o día 14/02/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar o servizo de limpeza o día 14/02/2026 para a celebración da “Queima do Felipe”.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN PASARRÚAS – Enseduca, S.A.L.

Visto o escrito presentado por Marianne Bande Willissh en representación de **Enseduca, S.A.L.**, de data 26/01/2026 (Rexistro de entrada nº 1.912), no que solicita autorización e a presenza dos corpos de seguridade (Policía Local e/ou GAEM) para a celebración dun pasarrúas polas rúas de Ribeira con alumnado de educación infantil e primaria, o día 13/02/2026 en horario de 10:00 h. a 12:30 h., co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dun pasarrúas polas rúas de Ribeira con alumnado de educación



infantil e primaria, o día 13/02/2026 en horario de 10:00 h. a 12:30 h., co motivo da celebración do Entroido.

-Dar traslado deste acordo á Policía Local e ao GAEM para o seu coñecemento.

31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO (INAUGURACIÓN) EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Víctor Manuel Oujo Sieira (ATELIER Nº 21)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Víctor M. Oujo Sieira** en representación establecemento **“Atelier nº 21”** (Ribeira), de data 27/01/2026 (Rexistro de entrada nº 1.956), no que solicita permiso para a celebración de evento (inauguración) no exterior do establecemento hostaleiro **“Atelier nº 21”** (Rúa de Lugo - Ribeira), o día 31/01/2026, en horario de 20:00 h. a 22:00 h; con instalación de pequena carpa se chovese.

32.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS ADCRITAS Á ÁREA DE CULTURA

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 28/01/2025, relativa á autorización de uso temporal de instalacións adscritas á área de cultura, na que expón:

“Recíbense solicitudes das entidades que se relacionan referidas ao Uso Temporal de instalacións adscritas a área municipal de cultura.

Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese cultural, deportivo e ou social, promovido e organizado por entidades que carecen de ánimo de lucro e son abertos á cidadanía.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Previa consulta na axenda de reservas de instalacións obxecto desta proposta, emítese INFORME de Uso Temporal para a celebración das seguintes actividades organizadas polas entidades solicitantes:

- **Solicitante: Asociación Española lucha contra el Cáncer** (Rexistro 2026 1684 de 22/1/2026)
Espazo: Sala Polivalente. Auditorio Municipal
Calendario: Xoves 5 de febreiro de 2026 de 17.00 a 18.30 horas
Actividade: Celebración Mesa redonda sobre “Testamento Vital”
Informe Favorable.

- **Solicitante: Rafael Pazos Rodríguez** en calidade de responsable do BNG de Ribeira (Rexistro 2026 1083 de 15/1/2026)

Espazo: Centro Social – Cultural de Oleiros ó xoves 5 febreiro de 2026;

Horario: 19.30 a 21.00 horas

Actividade: Xuntanzas veciñais.

Informe: Espazo reservado para a celebración doutra actividade de 20.30 a 21.30 horas (autorizado pola Xunta de Goberno Local, en sesión 4 de setembro de 2025).



Espazo: Casa de Cultura de Castiñeiras ó xoves 12 de febreiro de 2026

Horario: 19.30 a 21.00 horas

Actividade: Xuntanzas veciñais.

Informe Favorable."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar o *Uso Temporal* da Sala Polivalente do Auditorio e Casa de Cultura de Castiñeiras para celebrar os actos e programas organizados a instancia das propias entidades solicitantes no calendario interesado así como a non dispoñibilidade do Centro Social-Cultural de Oleiros.
- Dar traslado da petición da Asociación Española Lucha contra el Cáncer á Concellería de Servizos Sociais para que atenda as necesidades técnicas (luz e son) derivadas do Uso Temporal da Sala Polivalente - Auditorio o día 5 de febreiro de 2026.
- Notificar o acordo a cada unha das entidades solicitantes xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO:

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.



33.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DA AULA CEMIT (RIBEIRA)/CAMBIO DE DATAS – Programa Integrado de Emprego

Visto o escrito presentado por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego** do Concello de Ribeira, de data 27/01/2026 (Rexistro de entrada nº 2.001), no que solicita o cambio de datas na cesión de uso da aula de formación municipal CEMIT (Ribeira), autorizada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 15/01/2026, co fin de realizar a fase de formación do P.I.E., en horario de 09:00 h. a 13:30 h. e nas seguintes datas:

Febreiro 2026: 19, 20, 23 e 24

Marzo 2026: 2, 3, 17, 20, 26 e 27

Abril 2026: 6 e 10

Maio 2026: 4, 5, 7, 8, 11, 12, 14, 15, 18, 19 e 28

Xuño 2026: 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11, 12, 15, 16, 22, 23, 25 e 26

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a cesión de uso da aula de formación municipal CEMIT (Ribeira), co fin de realizar a fase de formación do P.I.E., en horario de 09:00 h. a 13:30 h. e nas seguintes datas:

Febreiro 2026: 19, 20, 23 e 24

Marzo 2026: 2, 3, 17, 20, 26 e 27

Abril 2026: 6 e 10

Maio 2026: 4, 5, 7, 8, 11, 12, 14, 15, 18, 19 e 28

Xuño 2026: 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11, 12, 15, 16, 22, 23, 25 e 26

34.- SOLICITUDE DE CESIÓN DE USO TEMPORAL DO DESPACHO Nº 2 DO VIVEIRO DE EMPRESAS - Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica

Vista a proposta de resolución presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo e Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 16/01/2026, relativa á cesión de uso temporal do despacho nº 2 do Viveiro de Empresas de Ribeira, na que expón:

“Visto o escrito presentado por M^a Esther Vidal Rodríguez, con DNI 76511614K en representación da “Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica” (Asociación Amicos), con CIF G15747678, que tivo entrada neste concello o pasado 19/12/2025, con número de rexistro de entrada 2025 030306 e no que SOLICITAN:

“ASOCIACIÓN AMICOS DENDE O SEU SERVIZO DE ORIENTACIÓN E EMPREGO SOLICITA A AMPLIACIÓN DO USO DO DESPACHO NO VIVEIRO SITUADO NO LUGAR DE FAFIÁN EN RIBEIRA, CO OBXECTIVO DE PRESTAR ATENCIÓN A VECIÑOS E VECIÑAS DE RIBEIRA QUE PARTICIPAN NO SEU SERVIZO DE ORIENTACIÓN. SOLICITAMOS A RENOVACIÓN DENDE O 1 DE XANEIRO 2026 HASTA O 31/12/2026.”

EXPOÑO:

No Viveiro de Empresas hai 10 despachos: 4 están ocupados por viveiristas, 1 polo Servizo de Orientación Laboral do Concello de Ribeira, 2 polo Programa Integrado de Emprego do Concello de Ribeira, 1 pola Asociación Mulleres en Acción e 1 pola Asociación Amicos, quedando 1 libre por se houbese novas solicitudes por parte de persoas emprendedoras.



Dado que neste momento queda algún despacho libre podería prorrogarse a cesión temporal do despacho nº 2 á “Asociación Amicos” (en diante CESIONARIA), de forma gratuíta; con todo, no momento que se precise o espazo, ben porque unha empresa solicite un despacho no Viveiro de Empresas, ben porque o Concello o precise para uso municipal, darase por rematada a cesión. Bastará cun previo aviso por escrito á CESIONARIA, a cal nun prazo máximo de 15 días naturais deberá deixar vacante o/os despacho/s no mesmo estado no que o/os recibiu.

A este efecto, antes de abandonar o/os despacho/s, a persoa que designe o Concello de Ribeira, practicará unha inspección coa presenza da CESIONARIA, para determinar o estado en que deixa o/os despacho/s e as súas pertenzas e, no seu caso, cuantificar os danos aos que terá que facer fronte a CESIONARIA, cubrindo así o prezo das reparacións.

Se logo de devolver o espazo cedido quedasen nel bens mobles da CESIONARIA, entenderase que esta renuncia á súa propiedade e posesión a favor do Concello de Ribeira, quedando a CESIONARIA ademais, suxeita á obriga de reembolsar a aquel os gastos que este tiver que soportar para deixar o despacho no seu estado orixinario.

A CESIONARIA exime de toda responsabilidade ao Concello de Ribeira, polos danos e lesións que nas cousas ou persoas se causen como consecuencia da ocupación do despacho cedido ou das actividades que neste se desenvolvan.

O Concello de Ribeira non responde dos danos e perdas que se lle poidan ocasionar a CESIONARIA por casos fortuítos e de forza maior.

A CESIONARIA autoriza igualmente á persoa responsable do Viveiro de Empresas do Concello de Ribeira a entrar no despacho para ensinalo a posibles empresas que queiran instalarse no Viveiro.

A CESIONARIA poderá identificar os despachos cos carteis que lle sexan de obrigado cumprimento pola publicidade do programa e poderá deixar no mostrador da entrada material informativo e publicitario, pero antes da súa colocación (cartel e publicidade) deberá ter o visto bo por parte da persoa responsable do Viveiro.

Tal como establece a Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas de Ribeira, a CESIONARIA deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil, que deberá ter vixencia mentres dure a cesión dos despachos e presentala ante o Concello e Ribeira no prazo dun mes dende o inicio da cesión. A duración máxima que pode ter esta cesión será ata o 31/12/2026.”

Polo exposto, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a cesión do despacho nº 2 á “Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica” (Asociación Amicos), coas condicións expostas anteriormente na citada proposta de resolución.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:35 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

